



O 11º Noia Harp Fest ofrecerá tres vibrantes xornadas de música clásica, folk, experimental e jazz con bandas e arpistas chegadas de Alemania, Escocia, Francia, Senegal e Ucraia

O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia contará este ano con seis escenarios: o Claustro de San Francisco e a Rúa do Curro únense aos situados na Igrexa Museo de Santa María A Nova, o Teatro Coliseo Noela e a Praza do Tapal

O evento arrancará, por terceiro ano consecutivo, cun encontro do alumnado das escolas de arpa de Galicia e cunha foliada aberta á cidadanía

Noia, 17 de xuño de 2024.- O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, coñecido como Noia Harp Fest, vén de presentar esta mañá o cartel e programación da súa 11ª edición, que se celebrará do 8 ao 10 de agosto. Serán tres xornadas que se caracterizarán pola **ampla pluralidade estilística**, con concertos de folk, jazz ou clásica, e na que a protagonista absoluta será, de novo, **a interpretación musical a través da arpa**.

O **Noia Harp Fest**, que conta co apoio do Concello de Noia, da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da Deputación da Coruña, é **o único evento do noroeste peninsular que ten como eixo vertebrador a música producida pola arpa** en toda a xeografía planetaria. A diversidade estilística e de públicos é, sen dúbida, unha das principais características do evento que dirixen Alba Barreiro, Beatriz Martínez e Rodrigo Romaní, quen salienta que o festival “non se parece a ningún outro, pois reúne unha especial combinación de elementos que lle confire unha personalidade única, con concertos de proximidade e para prazas a ceo aberto, e que non entende de fronteiras”.

Neste 2024, arpistas e bandas de **Alemania, Escocia, Francia, Senegal e Ucraia** formarán parte do cartel do festival, no que se integrarán, como é habitual, artistas e colectivos galegos. Así, a música da arpa soará ao longo de tres xornadas por toda a localidade, que este ano acollerá **máis escenarios ca nunca**: un total de seis espazos serán sede do NHF. É o caso da Igrexa Museo de Santa María A Nova, o Teatro Coliseo Noela, o Liceo de Noia e a Praza do Tapal, ás que se unen, nesta ocasión, o Claustro de San Francisco e a Rúa do Curro.

O NHF comezará, por terceiro ano consecutivo, co **Encontro do Alumnado das Escolas de Arpa de Galicia**, unha proposta que procura estimular a relación e crear unidade entre as e os instrumentistas máis novos do país. Deste xeito, máis de 25 nenas e nenos de

NOIA HARP FEST

distintas localidades galegas darán conta dos seus coñecementos e xuntos interpretarán, como peche do concerto, un tema en común. A cita será o xoves 8 de agosto no Liceo de Noia. Xa en horario de tarde, a Rúa do Curro será o punto no que se desenvolva a **Foliada de benvida ao Noia Harp Fest**, na que participarán arpistas de **SonDeSeu**.

A intérprete, cantante e compositora alemá **Nadia Birkenstock**, recoñecida pola súa destreza coa arpa celta, será a responsable de abrir ás 19.00h a xornada do venres 9 cun recital na Igrexa Museo Santa María A Nova. Os concertos continuarán pola noite no Teatro Coliseo Noela. No recinto actuará **Solomiia Savchuk**, moza ucraniana residente en Ferrol e destacada intérprete de Bandura, un instrumento do seu país de corda pulsada que combina elementos da cítara e o laude; e o dúo escocés **Rachel Hair & Ron Jappy**, que ofrecerá un dos directos máis esperados deste ano. Ambos músicos son recoñecidos intérpretes de 'clarsach' (arpa escocesa) e guitarra acústica no seu país e presentarán no Noia Harp Fest o seu lanzamento máis recente, *SPARKS*, un traballo no que regresan ás súas raíces, nas Highlands, e no que presentan unha mestura ecléctica de jigs, reels e marchas de Escocia, Irlanda e Illa de Man.

De cara ao sábado 10 de agosto, a francesa **Camille Levecque** inaugurará o Claustro de San Francisco como sede do Noia Harp Fest. Será un concerto íntimo no que o público do festival poderá coñecer por vez primeira o traballo da intérprete, que ten colaborado con artistas como Mike Oldfield, Hélène Grimaud ou Benoit Fromanger. Xa pola noite, a partir das 21.00 horas, a emblemática Praza do Tapal acollerá unha noite marcada pola experimentación e que contará coa música de **Descofar** e **Momi Maiga**.

Descofar é un trío bretón que se define como “un híbrido do alento melódico da música bretoa, a potencia do post-rock compacto e a intensidade inmediata da improvisación”. A banda de Brest pasa da disonancia ao lirismo referenciado e dos arpejos brillantes aos riffs ruidosos, polo que o movemento estará garantido. O peche chegará co cantante e intérprete senegalés **Momi Maiga**, virtuoso da kora e atrevido compositor, que presentará no Noia Harp Fest o seu primeiro disco, NIO. Sobre o escenario, un cuarteto composto por kora, violín, violonchelo, percusión e voz (Maiga canta principalmente en mandinka e wólof) ofrecerá unha viaxe a camiño entre o jazz, o flamenco e a tradición oral de Senegal.

Mais información: www.noiaharfest.gal

Descarga aquí o [kit de prensa](#) do Noia Harp Fest

Contacto de prensa Noia Harp Fest | Lucía Pita . 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es